

ACTA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL
Sesión do 30 de outubro de 2017

ASISTENTES:

Membros :

D. Abel Caballero Álvarez
D. David Regades Fernández
D. Carlos López Font
M^a José Caride Estévez
D^a. Olga Alonso Suárez
D. Angel Rivas González.

NON ASISTEN:

D^a M^a. Carmen Silva Rego
D. Cayetano Rodríguez Escudero.
D^a. M^a. Isaura Abelairas Rodríguez
D. Jaime Aneiros Pereira.

Invitados

D. José Manuel Fernández Pérez

Na Casa do Concello de Vigo, ás dez horas e vinte e cinco minutos do día trinta de outubro de dous mil dezasete e baixo a presidencia do Excmo. Sr. alcalde, Sr. Caballero Álvarez, coa asistencia dos concelleiros/as anteriormente citados, actuando como Secretaria a concelleira, Sra. Alonso Suárez, constitúese a Xunta de Goberno Local desta Corporación co obxecto de realizar sesión EXTRAORDINARIA E URXENTE de acordo coa orde do día remitida a tódolos membros coa antelación legal precisa.

Están tamén presentes por invitación, a titular do órgano de apoio á Xunta de Goberno Local, Sra. Campos Acuña, e a titular da Asesoría Xurídica, Sra. Parajó Calvo.

A Xunta de Goberno Local adopta os seguintes acordos:

1(2038).- RATIFICACIÓN DA URXENCIA.

A Xunta de Goberno local ratifica a urxencia da sesión.

2(2039).- PROXECTO DE CONVENIO DE COLABORACIÓN COA ASOCIACIÓN ASPOFUSA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓN MUNICIPAIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO FÚTBOL SALA EN IDADE ESCOLAR NA CIDADE DE VIGO “LIGA CONCELLO DE VIGO”. EXPTE. 1482/611.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe xurídico do 16/10/17, e o informe de fiscalización do 27/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 10/10/17, asinado polo director deportivo-xefe da Unidade Técnica, o concelleiro de Deportes e o concelleiro de Orzamentos e Facenda, que di o seguinte:

ANTECEDENTES:

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase o informe proposta para orde de inicio polo director técnico.

Con data 24 de Agosto de 2017 asínase a orde de inicio polo Concelleiro Delegado de Deportes.

FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA:

- **Lei 7/1985 do 2 de abril emítase informe de necesidade do técnico 25 2.) Promoción do deporte e instalacións deportivas e de ocupación do tempo libre. Modificada pola lei 27/2013, do 27 de decembro de racionalización e Sostenibilidade da administración local.**
- **Lei 5/2007, de administración Local de Galicia artigo 80.2), actividades e instalacións culturais e deportivas e a ocupación do tempo libre.**
- **Lei 10/1990, do 15 de outubro, do Deporte.**
- **Lei 3/2012, do deporte de Galicia, artigo 8, entre outros fins reflicte, fomentar, promover e difundir o deporte especialmente en idade escolar, velar pola plena utilización das instalacións deportivas da súa titularidade e procurar a participación das asociacións deportivas do seu ámbito municipal na optimización do uso de estas.**
- Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.
- Real Decreto 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora de Facendas Locais.
- Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local.
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración Local de Galicia (LALGA).
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público
- Instrución nº 1/2014, da Intervención Xeral.
- **Ordenanza nº52 de tributos e prezos públicos do Concello de Vigo reguladora da utilización das instalacións deportivas municipais.**

XUSTIFICACIÓN:

A Asociación de Pontevedra Fútbol Sala (ASPOFUSA), é unha entidade deportiva que agrupa ás entidades que participan cos seus equipos nas competicións escolares federadas de fútbol sala, para categorías de minis, prebenxamin, benxamín, alevín, infantil, e cadetes tanto masculino como feminino, dinamizando as mesmas no ámbito da cidade de Vigo dentro da "Liga Concello de Vigo". Por outro lado, a Concellería de deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.

A través da presente proposta de convenio, a Concellería de Deportes, busca a colaboración cos administrados afectados directamente, como son os que engloba a propia entidade. O obxectivo principal do mesmo, trata de encamiñar as súas actuacións á colaboración cunha entidade que defínese como un axente social e deportivo con garantías de calidade no desenvolvemento dos proxectos deportivos.

Por outra banda dende a Concellería de Deportes, trabállase na necesidade de incrementar as posibilidades de uso de instalacións deportivas na cidade, para poder dar resposta ás solicitudes de uso de instalacións por parte das diferentes entidades deportivas, polo cal, esta proposta ven establecer dunha forma operativa, unha mellora dentro das necesidades da Concellería de Deportes de cara a programar as diversas actividades de adestramentos e competicións da cidade.

Tendo en conta que o principal obxectivo deste convenio, busca a unificación dos criterios de promoción deportiva na cidade, ó mesmo tempo que pretende aunar os esforzos, e os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento dunha oferta deportiva axeitada, e así, entre ambas entidades establecerase a base de colaboración xa que a entidade conta cos medios humanos necesarios para facilitar a organización, seguimento e control das actividades que se planteen neste convenio, e por parte da Concellería de Deportes cóntase coa infraestrutura deportiva.

Todos estes criterios, nos levan demostrar que existen mostras e pautas de mutuo acordo para unificar criterios, e aunar os esforzos das diversas administracións e entidades que promocionan a actividade deportiva na cidade, polo que enténdese que o contido do obxecto que regúlase no marco desta proposta de convenio se atopa incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

As cláusulas xerais do convenio desenvolveranse sobre os seguintes apartados:

- 1.- Buscase a dinamización dun programa deportivo vinculado co desenvolvemento da competición federada en idade escolar na modalidade de fútbol sala na cidade de Vigo dentro da Liga Concello de Vigo.
- 2.- Para o desenvolvemento deste programa de promoción de practica deportiva, a Concellería de Deportes facilitará o uso das instalacións deportivas Municipais dentro dun ámbito horario concreto en función das necesidades concretas semanais derivadas da competición federada escolar de ámbito local e en función da dispoñibilidade de instalacións.
- 3.- A entidade organizadora ASPOFUSA, responsabilizarase e garantirá mediante persoal propio das tarefas básicas do control e vixianza das actividades vinculadas ó obxecto do convenio.
- 4.- A entidade organizadora ASPOFUSA, será a responsable da execución do programa deportivo, para o cal deberá ter unha póliza de responsabilidade civil que cubra os diversos ámbitos de actuación e responsabilidades derivadas das obrigas deste convenio.
- 5.- ASPOFUSA, para garantir un uso equitativo e equilibrado das instalacións, atenderá ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais da Concellería de Deportes.
- 6.- En toda a información e publicidade dos eventos e programas deportivas específicos e vinculados a este convenio figurarán os logos do Concello de Vigo, e a Concellería de Deportes. Así mesmo en todos o medios de promoción e difusión deberán empregar o “galego”.**

HORARIOS E INSTALACIÓN:

A actividade se realizará nas instalacións dispoñibles, en función da ocupación das instalacións, durante cada fin de semana nos horarios seguintes:

<i>Días</i>	<i>Horario</i>
<i>Sábados</i>	<i>Entre as 9,00h a 14,00h</i>
<i>Domingos</i>	<i>Entre as 9.00h e 14:00 h</i>

Durante 29 fins de semanas, e o número de partidos de media cada fin de semana de 25, en ningún caso poderá excederse desta cantidade.

PRAZO DO CONVENIO:

O prazo do convenio, abarcará a duración da tempada deportiva, dende a data da sinatura do presente convenio ata o 30 de xuño do ano 2018. Para a continuidade do obxecto deste convenio será necesaria a tramitación dun novo convenio, previa solicitude da entidade.

VALOR ECONÓMICO DO CONVENIO:

A Asociación ASPOFUSA, en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total estimado de 725 partidos durante a duración do convenio, a 14,25 € cada partido, e que ascende ó importe estimado de 10.331,25 €.

CAPACIDADE PARA A SINATURA DO PRESENTE CONVENIO DE COLABORACIÓN:

A Asociación ASPOFUSA, presentárase ca representación legal correspondente para asinar o presente convenio.

PROPOSTA:

Por todo o exposto, propónse a Xunta de Goberno Local.

a) Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Concellería de Deportes e a Asociación ASPOFUSA para o uso da instalación deportiva dentro do seu programa "Liga Concello de Vigo".

b) Autorizar a exención do pago do prezo público correspondente á utilización das instalacións **municipais**, que ascende a 10.331,25 €, para o desenvolvemento das actividades do programa de actividade física, en base o apartado "A,4" do artigo 5 "Exencións e Bonificación" das Ordenanzas e Tributos do Concello de Vigo no ano 2017, na súa ordenanza 52".

c) Habilitar ao Alcalde de Vigo, D. Abel Caballero Álvarez, para asinar este Convenio.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

ANEXO

CONVENIO DE COLABORACIÓN 1482/611 ENTRE A CONCELLERÍA DE DEPORTES DE VIGO E A ASOCIACIÓN ASPOFUSA POLA UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS MUNICIPAIS PARA A REALIZACIÓN DUN PROGRAMA DE DINAMIZACIÓN DO FÚTBOL SALA EN IDADE ESCOLAR NA CIDADE DE VIGO "LIGA CONCELLO DE VIGO"

Dunha parte: D. Abel Caballero Álvarez

Doutra parte D. Juan Manuel Fernández Domínguez con DNI: 35958626N como presidente de ASPOFUSA (G-36929347), según consta na documentación remitida pola entidade.

MANIFESTAN QUE

A Asociación Aspofusa, é unha entidade deportiva que agrupa ás entidades que participan cos seus equipos nas competicións escolares federadas de fútbol sala, para categorías de minis, prebenxamin, benxamín, alevín, infantil, e cadetes tanto masculino como feminino, dinamizando as mesmas no ámbito da cidade de Vigo dentro da "Liga Concello de Vigo". Por outro lado, a Concellería de deportes, define como accións prioritarias todas aquelas que busquen a promoción da practica deportiva na cidade, polo cal considerase adecuado propoñer a colaboración entre estas dúas entidades co fin de poder mellorar a oferta deportiva xeral da Cidade.

Que ambas entidades están interesadas en colaborar conxuntamente na coordinación de esforzos de cara a reunir os recursos necesarios para o correcto desenvolvemento de programas de colaboración en materia de promoción e dinamización da práctica deportiva, e especificamente dentro de este programa "Liga Concello de Vigo"

Que de forma xenérica o obxecto principal do presente convenio engloba unha serie de actuacións en relación á dinamización e potenciación dunha competición deportiva orientada a escolares no ámbito da cidade de Vigo.

Que todos estes aspectos nos levan á necesidade de conxugar o presente convenio de colaboración co ASPOFUSA, establecemento un marco de relación, que permita complementar actuacións de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, polo que dito obxecto regulado polo seguinte convenio, atopase incluído no establecido no artigo 4.d) do R.D. 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, xa que a Concellería de Deportes non busca a provisión dun servizo nin a adquisición dun ben, senón o establecemento dun marco de relación, que permita complementar actuación de ambas as dúas entidades, unificando esforzos na promoción deportiva na cidade de Vigo, quedando excluído o negocio por razóns obxectivas do R.D. 3/2011.

Polo tanto, e para levar a cabo as accións necesarias que fagan realidade os fins propostos, ámbalas dúas entidades suscriben o presente convenio de colaboración definindo as actuacións necesarias baixo os principios e garantías de equilibrio, capacidade e solvencia, que de forma específica especificase nas seguintes cláusulas.

CLAÚSULAS

- 1. Este convenio establécese como marco de entendemento e colaboración mutua que permita desenvolver as actividades nas instalacións Municipais.*
- 2. A Asociación Aspofusa en base ó artigo 5 A)4, da ordenanza nº 52, reguladora de prezos públicos pola utilización de instalacións deportivas municipais, ca tramitación do presente informe proposta e firma do convenio de colaboración ca entidade, estará*

exenta de abonar o prezo público correspondente a utilización da instalación obxecto do presente convenio, un total estimado de 725 partidos durante a duración do convenio, a 14,25 € cada partido, e que ascende ó importe estimado de 10.331,25 €.

3. A Asociación Aspfusa durante os horarios establecidos pola Concellería de Deportes para o desenvolvemento deste programa de promoción do fútbol sala en idade escolar, responsabilizarase das tarefas básicas do control e vixilancia das actividades. Igualmente garantirá a custodia das propiedades e enseres depositados na instalación, para o cal deberá comunicar os correspondentes partes de incidencias sobre calquera desperfecto atopado ou ocasionado polas actividades. De forma xeral tódalas incidencias e necesidades serán transmitidas coa maior celeridade posible ó departamento correspondente da Concellería de Deportes para o seu fluído tratamento e coñecemento.
4. A Asociación Aspfusa presentará, cada semana a solicitude dos partidos, os equipos participantes en cada un de eles e a categoría dos mesmos, para poder ser distribuídos nas instalacións dispoñibles.
5. A Asociación Aspfusa é o responsable do desenvolvemento da actividade, debendo estar presente na instalación en todo momento un responsable da mesma.
6. A Asociación Aspfusa comunicará a Concellería de Deportes con antelación suficiente calquera cancelación ou alteración nos horarios da actividade, así como o deber de garantir o uso equitativo e equilibrado das instalacións, atendendo ás normas xerais de uso de instalacións deportivas municipais da Concellería de Deportes.
7. A Concellería de Deportes non terá ningunha responsabilidade co calquera incidente que poidera resultar derivado do desenvolvemento da actividade programada.
8. A Entidade deberá ter unha póliza de responsabilidade civil de cobertura da actividade e cobertura de accidentes previa á sinatura do convenio.
9. Os participantes que desenvolvan a actividade na instalación serán exclusivamente os vinculados o programa da Asociación Aspfusa, non estando permitido ningún outro uso que non sexa a impartición desta actividade.
10. Os participantes accederán á instalación precedidos polo responsable da entidade, non estando permitido o acceso dos participantes en caso contrario. Da mesma forma, o responsable da actividade será a última persoa en abandonar a instalación, asegurándose de que ningún participante queda na instalación.
11. A Concellería de Deportes, aportará o espazo para o desenvolvemento das actividades.
12. A Concellería de Deportes resérvase a posibilidade de dispoñer da instalación por cuestións de programación ou mantemento. Neste caso comunicarse a entidade esta anulación.
13. A vixencia deste convenio é para as citadas actividades nos seguintes horarios para a tempada 2017-2018 ata o 30 de Xuño de 2018, a posibles modificacións solicitadas polo centro, en todo caso, estarán supeditadas a criterios de organización e dispoñibilidade de instalacións:

Días	Horario
Sábados	Entre as 9,00h a 14,00h
Domingos	Entre as 9.00h e 14:00 h

Durante 29 fins de semanas, cun número de partidos de media cada fin de semana de 25, en ningún caso poderá excederse desta cantidade.

14. *No caso de incumplimento das obrigas e os compromisos asumidos neste convenio, por cada unha das partes, poderase aplicar medidas de suspensión ou anulación da vixencia do convenio.*

Como proba da conformidade asinan en Vigo o presente convenio por duplicado, o día ____ de _____ de 2017

3(2040).- CLASIFICACIÓN DE OFERTAS PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE AMPLIACIÓN DO PARQUE INFANTIL DA RÚA VENEZUELA. EXPTE. 9385/446.

Dáse conta da proposta asinada en data 27/10/17 pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 27 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

10.- Propostas de clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª TRLCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificado, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte os informes asinados polo enxeñeiro industrial municipal e o xefe da Área de Servizos Xerais o 25 de outubro de 2017:

1. JARDINCELAS, S.L.
2. PROYECON GALICIA, S.A.
3. SERGONSA SERVICIOS, S.L.
4. PETROLAM INFRAESTRUCTURAS, S.L.
5. MOVIMIENTO DE ÁRIDOS Y CONSTRUCCIONES DE AROSA, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de ampliación do parque infantil da rúa Venezuela (9.385-446) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A.	98,95
ELSAMEX, S.A.U.	97,19

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
CONSTRUCCIONES OREGA, S.L.	91,75
PRACE SERVICIOS Y OBRAS, S.A.	91,29
ORESA, S.L.	90,87
ACTIVIDADES DE INFRAESTRUCTURAS PÚBLICAS Y CONSERVACIÓN, S.L.	90,25
EULEN, S.A.	89,82
CONSTRUCCIONES VALE, S.L.	87,21
CONSTRUCCIONES Y PROYECTOS ABILLEIRA, S.L.	84,14
UNCISA CONSTRUCCIONES E INFRAESTRUCTURAS, S.A.	82,31
CONSTRUCCIONES ABAL, S.A.	80,63
CONSTRUCCIONES CERNADAS, S.L.	77,66
UTE ENSAYOS, LABORATORIOS Y CONSTRUCCIÓN, S.L. EXCAVACIONES Y CONSTRUCCIONES LAUREANO COVELO, S.A.	73,74
UTE ACEVI – ALVAC, S.A.	73,41
CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	72,02
CONSTRUCCIONS OBRAS E VIAIS, S.A.	68,33
NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.U.	64,03
ORECO, S.A.	57,86
CALFENSA PROYECTOS, S.L.	57,16
CIVIS GLOBAL, S.L.	26,46

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, EULOGIO VIÑAL OBRAS Y CONSTRUCCIONES, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.
3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
4. Resguardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.

Cuarto.- Requerir ao citado licitador o aboamento de 968,39 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

4(2041).- NOMEAMENTO INTERINO, POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS, DE TRES OFICIAIS SEPULTUREIROS/AS POR UN PRAZO DE SEIS MESES PARA CEMITERIOS. EXPTE. 30663/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 26/10/17, dáse conta do informe-proposta do 25/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 12 de setembro de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de tres oficiais sepultureiros/as por mor da situación existente no Servizo de Cemiterios e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal (por delegación de 15/09/2017), mediante instrución de servizo de data 20 de setembro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de tres oficiais sepultureiros/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 24 de outubro de 2017, emítese pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.”

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase no horario establecido pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida ou a quendas, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta no escrito de data 12 de setembro de 2017, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, así coma na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal (delegación de 15 de setembro de 2017) de data 20 de setembro de 2017, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición de data 12 de setembro de 2017, o Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable, que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de tres oficiais sepultureiros/as para o servizo de cemiterios, supón un gasto de **34.483,53 €**, dos que **11.486,95 €** corresponden ao ano 2017 (dous meses) e **22.996,58 €** ao vindeiro exercicio 2018 (catro meses), e ao que haberá que engadirse a cantidade de **12.909,83 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capitulo I de gastos.

IV. V. - Verificación das listas de reserva:

Segundo consta no Informe de verificación administrativa obrante no expediente "verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Oficial Sepultureiro, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

Que verificada a listaxe indicada, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de D. Manuel Ángel Curraás Villar, con DNI **.***.826-X, D. José Antonio Carrera Ferreira, con DNI **.***.220-M e D. Fernando Rey Gómez, con DNI **.***.327-T de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva do servizo de Administración Electrónica."

Todos eles aceptaron expresamente mediante escritos de data 21 de setembro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de tres funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como oficiais sepultureiros/as, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de servizo de cemiterios, que constan no escrito de data 12 de setembro de 2017, do Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, coa conformidade da Concelleira-Delegada da Área de Medio Ambiente e Vida Saudable en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **34.483,53 €, dos que 11.486,95 €** corresponden ao ano 2017 (**dous meses**) e **22.996,58 € ao vindeiro exercicio 2018 (catro meses)**, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a D. **Manuel Ángel Currás Villar, con DNI **.***.826-X, D. José Antonio Carrera Ferreira, con DNI **.***.220-M e D. Fernando Rey Gómez, con DNI **.***.327-T**, na súa condición de seguintes aspirantes e de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo e á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto cód. 205-Oficial Sepultureiro/a, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase no horario establecido segundo as necesidades, pola Xefatura do Servizo ou Área, podendo ser en horario de mañá ou tarde, ou xornada partida, ou a quendas; garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefe do Servizo de Medio Ambiente, Sanidade e Consumo, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

5(2042).- NOMEAMENTO INTERINO POR EXECUCIÓN DE PROGRAMA TEMPORAL (XESTIÓN DAS AXUDAS DO FONDO EUROPEO DE DESENVOLVEMENTO REXIONAL AO PROXECTO PRESENTA DO POLO CONCELLO DE VIGO DENOMINADO VIGO VERTICAL) DE DOUS ENXEÑEIROS DE CAMIÑOS, CANAIS E PORTOS E CINCO TÉCNICOS/AS DE XESTION. EXPTE. 30798/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 30/10/17, dáse conta do informe-proposta do 27/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

I.- ANTECEDENTES

A Xunta de Goberno Local, na sesión extraordinaria e urxente do 12 de Xaneiro de 2016, acordou, aprobar a solicitude de axuda a favor do Concello de Vigo en relación á Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, pola que se aproban as bases e a primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado (EDUSI) que serán cofinanciadas mediante o programa operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, e aprobou a memoria que desenvolve as estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado denominada “ESTRATEGIA DUSI VIGO VERTICAL”.

De acordo coa Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro, a Xunta de Goberno Local de data 11 de outubro de 2016, acordou aceptar a axuda de 15.000.000,00 €, outorgada polo Ministerio de Facenda e Administracións públicas por Resolución de 29 de setembro de 2016, da Secretaría de Estado de Orzamentos e Gastos, pola que se conceden axudas da primeira convocatoria para a selección de estratexias de Desenvolvemento Urbano Sustentable e Integrado que serán cofinanciadas mediante o Programa Operativo FEDER de crecemento sustentable 2014-2020, convocadas por Orde HAP/2427/2015, de 13 de novembro.

Na memoria xustificativa de data 09/10/2017, remitido polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario responsable técnico EDUSI/Vigo Vertical, conformado polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza/Responsable EDUSI/Vigo Vertical;ponse de manifesto a necesidade de nomeamento como funcionario/a interino/a, de acordo ao disposto no artigo 10.1c) “execución de programas de carácter temporal”, desempeñando as funcións propias dun funcionario de carreira no ámbito programático **por un período de 3 anos de, entre outros, dous/dúas Enxeñeiros/as de Camiños, Ccanaís e Portos, e cinco Técnicos/as de Xestión.**

En base ao anterior o concelleiro-delegado da área de Xestión Municipal, a través de instrución de servizo de data 18 de outubro de 2017, ordenou a incoación do correspondente expediente administrativo para proceder ao nomeamento interino por execución de programa temporal (Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical), de **dous/dúas Enxeñeiros/las de Camiños, Canais e Portos, e cinco Técnicos/las de Xestión**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do Real Decreto Legislativo 5/2015 do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de un tres, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades de Administración Electrónica que constan no programa que figura no expediente 27064/220.

En cumprimento do ordenado, con data 26 de outubro de 2017, pola Técnica de Avaliación e Formación, formúlase a proposta de gasto e o correspondente informe técnico-económico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*“1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los criterios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”*

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública."

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afirmase que:

".....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) "El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución."

II.- Nomeamento de funcionarios interinos:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa a existencia de prazas vacantes cando non sexa posible a súa cobertura por funcionarios de carreira (apartado a), a substitución transitoria do titular da praza (apartado b), a execución de programas de carácter temporal, que non poderá ter unha duración superior a tres anos, ampliable hasta 12 meses mais (apartado c) e, o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do TREBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao

seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o remate do programa temporal.

Aos funcionarios interinos seralles aplicable, en canto sexa adecuado á natureza da súa condición, o réxime xeral dos funcionarios de carreira.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto Cód. 316-Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, e posto Cód. 179-Técnicos/as de xestión), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6.do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino –ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III. Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta na memoria xustificativa de data 09/10/2017, remitida polo Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario7 responsable técnico EDUSI/Vigo Vertical, conformado polo 2º Tenente de Alcalde e Concelleiro Delegado da Área de Fomento, Contratación e Limpeza/Responsable EDUSI/Vigo Vertical, así como na instrución de servizo do concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal de 18 de outubro de 2017, resulta acreditada a urxencia do nomeamento proposto, resultando acreditado que o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das que figuran nas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas na Lei 3/2017, de 27 de

xuño, de orzamentos xerais do Estado para o presente ano 2017 e, de igual xeito na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración Local, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220 a propósito da clarificación das competencias das Entidades Locais distintas das propias e das atribuídas por delegación, ao amparo do artigo 3.3 da Lei 5/2014, do 27 de xuño.

IV. Proposta de gasto:

De acordo co informe económico que consta no expediente o nomeamento interino proposto por un período máximo de tres anos, de **dous/dúas enxeñeiros/as de camiños, canais e portos, e os cinco técnicos/as de xestión**, (novembro/2017 a outubro/2020), supón un gasto de **833.551,28 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 -outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente-. Da referida cantidade **45.469,48 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); **275.545,05 €** (o exercicio de 2018); **278.300,50 €**, o ano 2019 e **234.236,25 €** (o exercicio 2020, 10 meses), ao que haberá que engadirse a cantidade de **86.183,72 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa, polo que este importe minguará necesariamente os importes das modificacións propostas, debendo percibir o soldo correspondente ós corpos ós que pertenza as vacantes (posto Cód. 316-Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, e posto Cód. 179-Técnicos/as de xestión), da RPT vixente, aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente" do vixente orzamento aprobado para o presente ano 2017.

V. Verificación das listas de reserva:

Segundo consta nos Informes de verificación administrativa obrantes no expediente, temos que:

a) Respecto os **Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos** "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificada a listaxe indicada e comprobada a mesma co programa informático actualmente en desenvolvemento no Servizo de Administración electrónica, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D. Xacobe Paz Salgado, con DNI **.***.323-C** e de **D^a Fátima Martínez Giráldez, con DNI **.***.166-B**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo.

b) Respecto os **Técnicos/as de Xestión** "Que verificadas as listaxes de reserva para a categoría de Técnicos/as de Xestión, existe listaxe vixente con persoas en condicións de ser notificadas.

- Que verificada a listaxe indicada e comprobada a mesma co programa informático actualmente en desenvolvemento no Servizo de Administración electrónica, e sempre a salvo de erro ou omisión, procede o chamamento de **D^a Inés González Martínez, con DNI ****.*.*.*.535-V, D^a Ruth M^a Gallego Santos, con DNI ****.*.*.*.160-B, D^a Marta Freire Quintas, con DNI ****.*.*.*.053-R, D^a M^a Dolores Gallego Sotelo, con DNI ****.*.*.*.281-E e de D^a Beatriz Ugarte Alonso, con DNI ****.*.*.*.629-K**, de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo.**********

VI. Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita, previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Área de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento dos/das funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal, como **Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos e Técnicos de Xestión**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.c) do TREBEP, por un período máximo de **tres meses** (novembro/2017 a outubro/2020), finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades contidas na memoria xustificativa sobre necesidade de nomeamento como funcionarios interinos para o ámbito programático de xestión das axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical.

En consecuencia, autorizar o gasto de **833.551,28 €**, con cargo á partida 920.0.0.140.000.00 -outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente-. Da referida cantidade **45.469,48 €** corresponden ao presente exercicio orzamentario (2 meses); **275.545,05 €** (o exercicio de 2018); **278.300,50 €**, o ano 2019 e **234.236,25 €** (o exercicio 2020, 10 meses), xunto cos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00 - outras modalidades nomeamento persoal temporal non permanente, para facer fronte ao referido nomeamento.

SEGUNDO: Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical", por un período máximo de **tres anos** (novembro/2017 a outubro/2020), como **Enxeñeiros de Camiños, Canais e Portos** á **D. Xacobe Paz Salgado, con DNI ****.*.*.*.323-C** e de D^a Fátima Martínez Giráldez, con DNI ****.*.*.*.166-B****, na súa condición de seguintes aspirantes a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

TERCEIRO: Nomear funcionarios/as interinos/as por execución de programa de carácter temporal "Xestión de axudas do fondo europeo de desenvolvemento rexional ao proxecto presentado polo Concello de Vigo denominado Vigo vertical", por un período máximo de de **tres anos** (novembro/2017 a outubro/2020), como **Técnicos de Xestión** a **D^a Inés González Martínez, con DNI **.***.535-V, D^a Ruth M^a Gallego Santos, con DNI **.***.160-B, D^a Marta Freire Quintas, con DNI **.***.053-R, D^a M^a Dolores Gallego Sotelo, con DNI **.***.281-E e de D^a Beatriz Ugarte Alonso, con DNI **.***.629-K**, na súa condición de seguintes aspirantes a ser nomeados de conformidade cos Criterios de xestión das listas de reserva aprobados pola Xunta de Goberno Local e vixentes para o ámbito do Concello de Vigo á vista dos datos proporcionados polo programa informático en desenvolvemento para a xestión das listas de reserva.

CUARTO: Dispoñer que o referido nomeamento farase de conformidade co disposto no Art. 10.1.c) do TREBEP, rematando cando transcorra a duración do programa (novembro/2017 a outubro/2020) nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 316-Enxeñeiros/as de Camiños, Canais e Portos, e posto Cód. 179-Técnicos/as de xestión, sen prexuízo de que de conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

QUINTO: Establecer que a xornada laboral do funcionario interino nomeado desenvolverase de luns a venres, en xornada de mañá ou tarde, segundo as necesidades do referido Servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

SEXTO: Notificar o presente acordo ao aspirante nomeado, ao Xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario Responsable Técnico EDUSI/Vigo Vertical, á Intervención Xeral, a Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

6(2043).- NOMEAMENTO INTERINO POR ACUMULACIÓN DE TAREFAS DE CATRO SUBALTERNOS/AS POR UN PRAZO DE SEIS MESES. EXPTE. 30747/220.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización de data 27/10/17, dáse conta do informe-proposta do 23/10/17, asinado pola técnica de Admón. Xeral, a xefa da Área de Recursos Humanos e Formación, e o concelleiro delegado de Xestión Municipal e Persoal, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

1.- Con data 24 de agosto de 2017 e 4 de outubro de 2017, a Xefa do Servizo de Conserxería, coa conformidade da Área de Réxime Interior, remite oficio manifestando a urxente necesidade de proceder ao nomeamento interino por acumulación de tarefas de catro subalternos/as por mor da situación existente da Conserxería, e para o correcto desenvolvemento das funcións encomendadas.

2.- En resposta a esta petición, o concelleiro-delegado da Área de Xestión Municipal, mediante instrución de servizo de data 6 de outubro de 2017 solicitou á Área de Recursos Humanos e Formación o inicio de expediente administrativo para proceder á maior brevidade posible a correspondente proposta de nomeamento interino por acumulación de tarefas á Xunta de Goberno Local de catro subalternos/as por acumulación de tarefas, previsto no artigo 10.1.d). do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, por un período máximo de seis meses.

3.- Con data 20 de outubro de 2017, emítase pola Técnica de Avaliación e Formación informe técnico-económico, que inclúe a proposta de gasto, estado de execución do Capítulo I do orzamento e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer.

En consecuencia, e en cumprimento das previsións legais contempladas na norma indicada, procede a emisión de informe-proposta ao abeiro do establecido no artigo 172 do Real Decreto 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais (ROF).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

I.- Lexislación aplicable

- Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro. Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público.

A preferente aplicabilidade do Dereito estatal de carácter básico en materia de emprego público local deriva das previsións de dous fundamentais preceptos:

-O artigo 128 do Real Decreto Lexislativo 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local, que establece en canto ás ofertas de emprego público que:

*"1. Las Corporaciones locales aprobarán y publicarán anualmente, dentro del plazo de un mes desde la aprobación de su Presupuesto, la oferta de empleo público para el año correspondiente, **ajustándose a la legislación básica del Estado sobre función pública** y a los*

critérios que reglamentariamente se establezcan en desarrollo de la normativa básica estatal para su debida coordinación con las ofertas de empleo del resto de las Administraciones Públicas.”

-O artigo 133 do mesmo Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, que efectúa unha determinación legal do réxime xurídico aplicable á selección dos funcionarios de Administración Local, establecendo expresamente que:

“El procedimiento de selección de los funcionarios de Administración local se ajustará a la legislación básica del Estado sobre función pública, y se establecerá teniendo en cuenta la conexión entre el tipo de pruebas a superar y la adecuación a los puestos de trabajo que se hayan de desempeñar, incluyendo a tal efecto las pruebas prácticas que sean precisas.”

Tal preferencia expresa resulta inherente á vocación unificadora do lexislador en materia de función pública; así o ven interpretando a xurisprudencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, a efectos do cal resulta salientable a **STSJ de Galicia 120/2017, de 01.03.2017**, dictada en materia de persoal, en cuxo fundamento de dereito FD 4º sinala o seguinte:

"FD CUARTO.-

(....) De tan largas citas jurisprudenciales hemos de quedarnos con tres ideas básicas: 1º) cabe una interpretación integradora de la normativa básica estatal y la legislación autonómica de desarrollo, en todo caso ésta última solo es aplicable a los entes locales una vez hecha exclusión de la legislación estatal que opera como derecho supletorio de primer grado; (.....) Pero tampoco podemos olvidar que, como señalan los recurrentes, con arreglo a lo dispuesto en el art. 3.2 del Real Decreto legislativo 1/2008 por la que se aprobó el texto refundido de la Ley de Función Pública de Galicia, el art. 168 del Real Decreto Legislativo 781/1986, de 18 de abril, por el que se aprueba el texto refundido de las disposiciones legales vigentes en materia de régimen local y la Disposición Final Primera de la Ley 7/2007, por la que se aprobó el Estatuto Básico del Empleado Público, en relación a la regulación de la función pública local es de preferente aplicación la legislación básica estatal a la legislación autonómica sobre función pública.”

En similar senso, a **STJG de 15 de febreiro de 2017** afírmase que:

*“.....según el artículo 3.1 de la Ley 7/2007, de 12 de abril, del Estatuto Básico del Empleado Público (.....) “El personal funcionario de las entidades locales se rige por la legislación estatal que resulte de aplicación, de la que forma parte este Estatuto y por la legislación de las Comunidades Autónomas, con respeto a la autonomía local, **lo cual revela, a la vez que una preferencia de la normativa estatal para la regulación de esta materia, la reconducción de la función pública local al régimen general de la función pública. Al mismo tiempo, significa que la función pública local debe formar parte del ordenamiento de la función pública desarrollado a partir del bloque de la constitucionalidad concretado en torno al 149.1.18ª de la Constitución.**”*

II.- Nomeamento de funcionarios interinos por exceso ou acumulación de tarefas:

Consonte ao artigo 10.1 do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público (en diante, TREBEP), os/as funcionarios/as interinos son aqueles/as que, por razóns expresamente

xustificadas de necesidade e urxencia, son nomeados/as como tales para o desempeño de funcións propias de funcionarios/as de carreira, cando se dea algunha das circunstancias consignadas no devandito precepto, entre as cales se atopa o exceso ou acumulación de tarefas polo prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses (apartado d). De igual xeito o apartado 2 establece que a selección de funcionarios interinos farase mediante procedementos áxiles que respectarán en todo caso os principios de igualdade, mérito, capacidade e publicidade.

O nomeamento deberá recaer en persoas que reúnan as condicións esixidas para o ingreso no Corpo ó que pertenza o posto de traballo. Dito nomeamento será revocado ademais de polas causas previstas no artigo 63 do EBEP, cando finalice a causa que deu lugar ao seu nomeamento, de acordo co art. 10 apartado 3, neste caso o exceso ou acumulación de tarefas por un prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses.

Os funcionarios interinos percibirán o soldo correspondente ao corpo ao que pertenza a vacante, neste caso (posto cód. 155-Ordenanza/Porteiro, da vixente Relación de Postos de Traballo (RPT), aprobada pola Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 20 de setembro de 2010 e modificacións puntuais aprobadas con posterioridade.

O artigo 10.6 do TREBEP establece que dito persoal interino cuxa designación sexa consecuencia da execución de programas de carácter temporal ou do exceso ou acumulación de tarefas por prazo máximo de seis meses, dentro dun período de doce meses, poderá desempeñar os servizos que se lle encomenden na unidade administrativa na que se produza o seu nomeamento ou noutras unidades administrativas nas que desempeñe funcións análogas, sempre que, respectivamente, ditas unidades participen no ámbito de aplicación do citado programa de carácter temporal, co límite de duración sinalado neste artigo, ou estean afectadas pola mencionada acumulación de tarefas.

Así mesmo e de acordo coas Instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito deste Concello, actualizadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local na súa sesión de data 29 de xaneiro de 2016, o recurso ao persoal funcionario interino -ou, de ser o caso, laboral temporal- realizarase unicamente en casos excepcionais e para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais indicados como prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, que deberá acreditar debida e motivadamente o servizo ou unidade peticionaria do efectivo, baixo a responsabilidade da xefatura do servizo correspondente, e requirirá a previa emisión de informe técnico cuantificativo do estado de execución do Capítulo I e da incidencia no mesmo do gasto a propoñer, o cal deberá ser incorporado ao expediente administrativo.

En canto ao establecemento da xornada e horarios de traballo, a xornada desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00, segundo as necesidades do Servizo, garantíndose os períodos de descanso regulamentarios, de acordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

III.- Xustificación da necesidade e urxencia:

Segundo consta nos escritos da Xefa de Conserxería, que conta coa conformidade da Xefa da Área de Réxime interior de data 24 de agosto de 2017 e 4 de outubro de 2017, así coma

na instrución do concelleiro delegado de Xestión Municipal de data 6 de outubro do actual, no que se ordena o inicio do presente expediente, o presente é un dos casos excepcionais para cubrir necesidades urxentes e inaprazables das restrinxidas aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideran prioritarios ou que afectan ao funcionamento dos servizos públicos esenciais, de acordo co esixido no artigo 19 da Lei 3/2017, de 27 de xuño, de Orzamentos Xerais do Estado para o exercicio 2017, e, de igual xeito, o disposto na Lei 5/2014, de 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da Administración Local, en relación coa mesma e, nas instrucións en materia de planificación e xestión de recursos humanos para o ámbito do Concello de Vigo derivadas da aplicación das previsións contidas as anteriores leis, aprobadas pola Xunta de Goberno Local, nas súas sesións de data 20 de xuño e 29 de agosto de 2014 e que foron actualizadas na sesión do mesmo Órgano de 29 de xaneiro de 2016, expte. 27576/220.

A urxencia dos nomeamentos propostos queda acreditada no escrito de petición da Xefa de Conserxería en escritos de data 24 de agosto e 4 de outubro de 2017, conformado pola Xefa da Área de Réxime interior, que figura no expediente.

IV. - Proposta de gasto:

Segundo o informe técnico-económico emitido pola Técnica de Formación e Avaliación, que consta no expediente, o nomeamento interino proposto por un período máximo de seis meses, de catro subalternos/as para a Unidade de Conserxería, supón un gasto de **42.128,92 €**, dos que **13.949,97 € corresponden ao ano 2017** e **28.178,95 €** ao vindeiro exercicio 2018, e ao que haberá que engadirse a cantidade de **13.705,74 €** en concepto de Seguridade Social a cargo da Empresa

O referido gasto imputarase con cargo a partida orzamentaria 920.0.140.00.00 "outras modalidades de nomeamento persoal non permanente", prevista no vixente orzamento 2017 aprobado para o vixente exercicio, dentro do Capítulo I de gastos.

V. - Verificación das listas de reserva:

Nas bases xerais correspondentes á Oferta de Emprego do ano 2008, publicadas no BOP de 19 de xullo de 2010 e DOG de 17 de novembro de 2010, acordouse expresamente que "os/as aspirantes que superen tódalas probas de que consta o proceso selectivo convocado sen dereito a obter praza, formarán parte dunha lista de substitucións, ordenada en función da puntuación obtida (de maior a menor cualificación final obtida) aos efectos de poder ser hipoteticamente nomeados como funcionarios/as interinos/as polas circunstancias previstas no artigo 10.1 da Lei 7/2007, do 12 de abril, do Estatuto Básico do Empregado Público (actual Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, e normativa de concordante aplicación e da lexislación vixente."

A Xunta de Goberno Local, na súa sesión do 18 de decembro de 2015 aprobou uns **novos criterios de xestión das listas de reserva** derivadas da execución das ofertas de emprego público e convocatorias públicas de emprego do Concello de Vigo (expte. 26797/220), modificados puntualmente en cumprimento do acordado pola Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local, na súa sesión extraordinaria e urxente de data 3 de febreiro de 2016 (expte 27642/220), establecendo un réxime transitorio co seguinte tenor literal: "VII.- RÉXIME TRANSITORIO.- En canto á limitación temporal de 3 anos de vixencia das listas, o presente acordo terá efectos naquelas listas de reserva derivadas de procesos de selección de persoal que se realicen con posterioridade á data de

adopción do mesmo, quedando as listas preexistentes suxeitas a un límite temporal de 3 anos como máximo", a contar dende a data de adopción do referido acordo. Ditas normas foron modificadas novamente segundo acordo coa Comisión de Seguimento das listas, mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/07/2016, expte, 28442/220 en canto a número mínimo de temas por grupos de función e no que respecta aos membros/as da Comisión de Seguimento da utilización de listas.

De acordo co anterior, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as de Administración Xeral, incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma, e segundo os datos proporcionados polo programa informático (trámite 16 do presente expediente 30747-220), os aspirantes os que lle corresponde ser nomeados son, DÑA. OLGA GONZÁLEZ AIRAS, con DNI *****937 K; DÑA. MARÍA RIAL REY, con DNI *****936 S; DÑA RUTH PRIETO COLLAZO, con DNI *****401 D; e DÑA. PATRICIA MARÍA ROMERO GIL, con DNI *****450 K corresponde o nomeamento como subalternos/as dos/das aspirantes , que aceptaron expresamente mediante escritos de data 11 de outubro do actual, optar ao referido nomeamento interino por acumulación de tarefas segundo o disposto no artigo 10.1 .d) do Real Decreto Lexislativo 5/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, acreditando neste Área de Recursos Humanos os requisitos e demais condicións para o desempeño do posto.

VI. - Competencia:

De conformidade co réxime de atribucións en materia de persoal e xestión económica do mesmo contemplado na Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, modificada por Lei 27/2013, do 27 de decembro, de Racionalización e Sostibilidade da Administración Local, reflectidas no artigo 127.1 g) e h) da norma indicada; e nos termos e condicións, alcance e contido do informe de fiscalización que pola Intervención Xeral Municipal se emita; previa a conformidade da xefa da Área de Recursos Humanos e Formación e do Sr. Concelleiro-Delegado da Area de Xestión Municipal, nos termos das delegacións competenciais efectuadas en datas 19/06/2015 e 30/12/2016, elévase á Xunta de Goberno Local a seguinte:

PROPOSTA DE ACORDO:

PRIMEIRO: Declarar a urxencia no nomeamento de catro funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas, como **subalternos/as**, ao abeiro do exposto no artigo 10.1.d) do TREBEP, por un período máximo de seis meses, finalizando a relación de servizo transcorrido dito período, xustificada nas necesidades da Unidade de Conserxería, contidas nos escritos do 24 de agosto e 4 de outubro de 2017 e, en consecuencia, autorizar o gasto por importe de **42.128,92 €**, dos que **13.949,97** corresponden ao ano 2017 e **28.178,95** ao vindeiro exercicio 2018, xunto aos custos de Seguridade Social reflectidos no informe técnico-económico, con cargo á partida orzamentaria 920.0.140.00.00, para facer fronte aos referidos nomeamentos.

SEGUNDO: Nomear como funcionarios/as interinos/as por acumulación de tarefas por un período máximo de seis meses, a **DÑA. OLGA GONZÁLEZ AIRAS, con DNI *****937 K; DÑA. MARÍA RIAL REY, con DNI *****936 S; DÑA RUTH PRIETO COLLAZO, con DNI *****401 D; e DÑA. PATRICIA MARÍA ROMERO GIL, con DNI *****450 K**, na súa condición de seguintes aspirantes na lista que superaron todos os exercicios da oposición na última convocatoria para a provisión de prazas de Subalternos/as de Administración Xeral,

incluídas na Oferta de Emprego Público correspondente ao ano 2008, de conformidade coas bases xerais da mesma.

TERCEIRO: Dispoñer que os referidos nomeamentos faranse de conformidade co disposto no Art. 10.1.d) do TREBEP, rematando cando transcorran os seis meses dende a data do nomeamento nos termos legalmente previstos, percibindo como retribucións o importe do soldo, retribucións complementarias e a parte proporcional da paga extraordinaria do posto Cód. 155-Subalterno/a, sendo adscritos/as á Unidade de Conserxería (cód. 201), sen prexuízo de que conformidade co disposto no artigo 10.6 do TREBEP, poida desempeñar as súas funcións noutros servizos municipais, para cubrir necesidades urxentes e inaprazables, restrinxíndose aos sectores, funcións e categorías profesionais que se consideren prioritarios ou que afecten ao funcionamento dos servizos públicos esenciais.

CUARTO: Establecer que a xornada laboral do/das funcionario/as interino/as nomeado/as desenvolverase de luns a sábado, en xornada continuada de mañá ou tarde -07,30 a 15,00 e de 14,30 a 22,00-, segundo as necesidades do servizo que garantan os seus períodos de descanso regulamentarios, dacordo coas determinacións reflectidas no apartado 3 das Instrucións sobre xornada e horarios de traballo, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno Local de data 15 de febreiro de 2013, con corrección de erros adoptada mediante acordo da Xunta de Goberno Local, de data 20 de maio de 2013.

QUINTO: Notificar o presente acordo ó/ás aspirantes nomeado/as, á Xefa da Área de Réxime Interior, á Xefa de Subalternos, á Intervención Xeral, á Xefa de Negociado de Seguridade Social, ao persoal técnico da Área de Recursos Humanos e Formación e, ao Comité de Persoal, aos efectos oportunos.

Contra o presente acordo poderase interpoñer recurso potestativo de reposición no prazo de 1 MES a contar dende o día seguinte ao da súa notificación ou publicación, ou ben recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo, no prazo de 2 MESES tamén dende o día seguinte ao da notificación ou publicación do acto administrativo firme, nos supostos, termos e condicións do previsto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

7(2044).- PROPOSTA DE ADXUDICACIÓN DA CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE SINALIZACIÓN HORIZONTAL E VERTICAL DO CONCELLO DE VIGO. EXPTE. 98714/210.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 25/10/17, dáse conta do informe-proposta de data 24/10/17, asinado pola secretaria da Mesa de Contratación, que di o seguinte:

A Mesa de Contratación do Concello de Vigo, na súa sesión de data 24 de outubro de 2017, realizou entre outras, as seguintes actuacións:

11.- Propostas de adxudicación

c) Procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Real decreto lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto lexislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Xunta de Goberno local na sesión que tivo lugar o 11 de outubro de 2017, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Dar conta das seguintes exclusións acordadas pola Mesa de Contratación do Concello de Vigo:

- *Sesión do 5 de outubro de 2017: exclúese a SEROVIAL, S.L. por non axustarse a súa proposición técnica ao disposto no prego de prescricións técnicas particulares (motivo de exclusión previsto na cláusula 13.5B do prego de cláusulas administrativas particulares).*
- *Sesión do 9 de outubro de 2017: exclúese a SEÑALIZACIONES VILLAR, S.A. por “apartarse substancialmente do modelo establecido” (cláusula 13.5C do prego de cláusulas administrativas particulares).*

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210) na seguinte orde descendente:

LICITADORES	PUNTUACIÓN TOTAL
API MOVILIDAD, S.A.	99,40
ACEINSA MOVILIDAD, S.A.	72,85
PROSEÑAL, S.L.U.	67,92
FERROSER INFRAESTRUCTURAS, S.A.	66,55
TECNIVIAL, S.A.	66,39

Terceiro.- Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 151.2 TRLCSP):

- 1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.*
- 2. Certificacións de estar ao corrente das súas obrigas tributarias co Estado, coa Xunta de Galicia e coa Seguridade Social.*
- 3. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 21 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).*
- 4. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 22 do prego de cláusulas administrativas particulares.*

Cuarto.- Requirir ao citado licitador o aboamento de 1.897,92 euros en concepto de custos dos anuncios de licitación”.

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, API MOVILIDAD, S.A., o día 16 de outubro de 2017, que presenta a documentación requirida nas datas 20 e 23 de outubro, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 24 de outubro de 2017 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante (artigo 151.4 TRLCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar API MOVILIDAD, S.A., como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que presente a proposición que contivese a oferta economicamente máis vantaxosa de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexe a licitación (artigo 22.1.g RLCSP).

A primeira oferta economicamente máis vantaxosa para a administración contratante é a formulada por API MOVILIDAD, S.A., de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 29 de setembro e 9 de outubro de 2017, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 3 da disposición adicional segunda do TRLCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a API MOVILIDAD, S.A., o procedemento aberto para a contratación do servizo de sinalización horizontal e vertical do Concello de Vigo (98.714-210) coas seguintes condicións:

- a) *O prezo total do contrato é de 2.400.000,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 416.528,92 euros, cunha baixa proporcional única de 24,01% a aplicar a cada un dos prezos unitarios relacionados no Anexo I do prego de prescricións técnicas particulares.*
- b) *Propón un incremento do 15,00% da retención mensual na facturación (7,5%), ata un máximo do 15% en función dos indicadores de nivel de cumprimento da calidade do servizo.*
- c) *Propón un investimento dun 12% en investigación e desenvolvemento (I+D) e innovación para mellorar a prestación do servizo (mínimo do 2% da anualidade do contrato).*
- d) *Propón como mellora a achega dun vehículo eléctrico para uso do persoal responsable da xestión do contrato.*

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

8(2045).- EXECUCIÓN FORZOSA N1 57/2016, SENTENZA DITADA NO RCA 123/2013 INTERPOSTO POR SETEX APARKI S.A. EN RELACIÓN CO CONTRATO DO SERVIZO PÚBLICO DE INMOVILIZACIÓN, RETIRADA, DEPÓSITO E CUSTODIA DE VEHÍCULOS NA CIDADE DE VIGO EXPTE. 10092/111.

Examinadas as actuacións do expediente, dáse conta do informe-proposta de data 30/10/17, asinado polo xefe da Área de Seguridade e Mobilidade, o interventor xeral e o concelleiro delegado da Área, que di o seguinte:

ANTECEDENTES

Primeiro.- Do auto de execución.

Por Auto de 25 de maio de 2017 do Xulgado do Contencioso Nº. 1 dos de Vigo ditado na peza de execución definitiva 57/16, que trae causa da Sentenza 218/14 recaída no P.O. 123/13, acordarse o seguinte:

“Se tiene por iniciada la Ejecución forzosa de la Sentencia dictada por este órgano judicial en el seno del Procedimiento ORDINARIO nº 123/13 en fecha 21 de octubre de 2014. Requírase al Concello de Vigo, a través de su representación procesal, para que en

el plazo de dos meses (contado a partir del siguiente –sic- al de la notificación de este Auto) acredite en las actuaciones el cumplimiento del fallo según la propuesta contenida en el punto Segundo A y Tercero A del informe del Técnico municipal aportado con el escrito de alegaciones del Concello, debiendo el Concello de proceder al pago a la ejecutada –sic- de las diferencias respectos –sic- de los pagos efectuados, con apercibimiento a la autoridad o funcionario responsable de la imposición de multas coercitivas por semana de demora en el ejecución, conforme a lo también previsto en el citado art. 112 LJCA. No se hace expresa imposición de costas procesales”.

O Auto era apelable nun só efecto.

Segundo.- Da proposta de execución comunicada ao Xulgado.

Por escrito de 21 de novembro de 2016, de alegacións do Concello sobre execución forzosa instada pola demandante agora executante, propúxose ao Xulgado

SEGUNDO.- Establecer en consecuencia da citada nulidade xudicial os seguintes novos prezos do contrato por anualidades:

A.- Para o caso de que non se considere actualizado o factor K no quinto ano do contrato (cuarta revisión).

Anualidade abril 11-marzo 12: 2.532.049,92 €

Anualidade abril 12-marzo 13: 2.590.505,79 €

E, en consecuencia

TERCEIRO.- Recoñecer a favor da mercantil SETEX APARKI S.A., en concepto de saldos pendentes de facturación, o dereito á percepción das seguintes cantidades por anualidades:

A.- Para o caso de que non se considere actualizado o factor K no quinto ano do contrato (cuarta revisión).

Anualidade abril 11-marzo 12: 209.744,40 €

Anualidade abril 12-marzo 13: 289.872,71 €

Terceiro.- Das actualizacións de prezos pendentes.

O 16 de xullo de 2013 SETEX APARKI, S.A., solicitou (doc. 1300884548) a revisión do prezo do contrato correspondente ao período abril 13-marzo 14.

O 23 de xullo de 2014 SETEX APARKI, S.A., solicitou (doc. 140091800) a revisión do prezo do contrato correspondente ao período abril 14-marzo 15.

O 05 de outubro de 2015 SETEX APARKI, S.A., solicitou (doc. 150125734) a revisión do prezo do contrato correspondente ao período abril 15-marzo 16, reiterando a petición de revisión das anualidades pendentes.

O 30 de novembro do 2015 SETEX APARKI, S.A. reiterou (doc. 150153580) a revisión do prezo do contrato correspondente aos tres períodos.

O 15 de setembro de 2016 SETEX APARKI, S.A., solicitou (doc. 160121943) a revisión do prezo do contrato correspondente ao período abril 16-marzo 17.

O 29 de xuño de 2017 solicitou (doc. 170094342) a revisión do prezo do contrato correspondente ao período abril 17-marzo 18

Cuarto.- Novo prezo anualidade abril 13-marzo 14

Segundo a fórmula do PCAP,

Prezo actualizado= $((Po\text{-amortización})K + \text{amortizacións}) * T$

De aquí dedúcese,

$K=0,6079(1,2987)+0,0371(77,2/51,6)+0,3549(1,173)$

$K=1,2611$

$(1.477.781,03-37.672-180.063,00)*1,2611=1.589.044,04 \text{ €}$

$(1.589.044,04+526.005+25.970,91)*1,21=2.590.634,14\text{€}$

$2.590.634,14/12= 215.886,17\text{€/mes}$

Dado que a facturación real da anualidade considerada foi de 2.062.236,24 €,
Queda una facturación pendente a favor da executante de -528.397,80 €.

Quinto.- Novo prezo anualidade abril 14-marzo 15

Segundo a fórmula do PCAP,

Prezo actualizado= $((Po\text{-amortización})K + \text{amortizacións}) * T$

De aquí dedúcese,

$K=0,6079(1,3168)+0,0371(72,4/51,6)+0,3549(1,172)$

$K=1,2683$

$(1.477.781,03-37.672-180.063,00)*1,2683=1.598.116,34 \text{ €}$

$(1. 598.116,34+524.131+24.839,99)*1,21=2.587.085,67\text{€}$

$2.587.085,67/12= 215.590,47 \text{ €/mes}$

Dado que a facturación real da anualidade considerada foi de 2.062.236,24 €,
Queda una facturación pendente a favor da executante de - 535.739,40 €.

Sexto.- Novo prezo anualidade abril 15-marzo 16

Segundo a fórmula do PCAP,

Prezo actualizado= $((Po\text{-amortización})K + \text{amortizacións}) * T$

De aquí dedúcese,

$K=0,6079(1,3273)+0,0371(59,8/51,6)+0,3549(1,164)$

$K=1,2628$

$(1.477.781,03-37.672-180.063,00)*1,2628=1.591.186,12 \text{ €}$

$(1. 591.186,12+526.005+6.020,14)*1,21=2.569.085,62\text{€}$

$2. 569.085,62/12= 214.090,46\text{€/mes}$

Dado que a facturación real da anualidade considerada foi de 2.062.236,24 €,
Queda una facturación pendente a favor da executante de - 506.849,28 €.

Sétimo.- Novo prezo anualidade abril 16-marzo 17.

Segundo a fórmula do PCAP,

Prezo actualizado= $((Po\text{-amortización})K + \text{amortizacións}) * T$

De aquí dedúcese,

$K=0,6079(1,3366)+0,0371(43,5/51,6)+0,3549(1,154)$

$K=1,2532$

$(1.477.781,03-37.672-180.063,00)*1,2532=1.579.089,68 \text{ €}$

$(1.579.089,68 +526.005-393,67)*1,21=2.546.688,22\text{€}$

$2.546.688,22/12= 212.224,01 \text{ €/mes}$

Dado que a facturación real da anualidade considerada foi de 2.062.236,24 €,
Queda una facturación pendente a favor da executante de - 484.451,98 €.

Oitavo.- Novo prezo anualidade abril 17-marzo 18.

Segundo a fórmula do PCAP,

Prezo actualizado= $((Po\text{-}amortización)K + amortizacións)*T$

De aquí dedúcese,

$K=0,6079(1,3874)+0,0371(55,1/51,6)+0,3549(1,181)$

$K=1,3021$

$(1.477.781,03-37.672-180.063,00)*1,3021=1.640.705,94 \text{ €}$

$(1.640.705,94+526.005-3.077,81)*1,21=2.617.996,09 \text{ €}$

$2.617.996,09/12= 218.166,34 \text{ €/mes}$

Dado que a facturación real da anualidade (corrente) considerada estipulouse en 2.062.236,24 € queda una facturación pendente a favor da executante de

Abril 17: 46.313,32 €

Maio 17: 46.313,32 €

Xuño 17: 46.313,32 €

Xullo 17: 46.313,32 €

Agosto 17: 46.313,32 €

Setembro 17: 46.313,32 €

NOVENO.- O interventor Xeral en informe de 23 de outubro de 2017 presta conformidade a esta proposta, expresando polo contrario discrepancia en canto á forma de determinar o interese legal devengado a partir da anualidade 13-14, que por tal motivo deixase pendente de resolución en novo expediente que se tramitará inmediatamente (conclusión 4ª e 7ª do informe da Intervención).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- Publicada no boletín oficial da provincia de Pontevedra de 01 de setembro pasado a aprobación definitiva da modificación orzamentaria 41/17 tramitada co número de expediente 44/142, no ámbito de vinculación da aplicación 1330.2279901 do orzamento vixente existe crédito adecuado e suficiente para atender o pago da facturación pendente en cumprimento da EJD 57/16 do Xulgado do Contencioso nº. 1 dos de Vigo (Sentenza 218/14, P.O. 123/13).

Segundo.- A competencia para aprobar o expediente de modificación do prezo en execución de Sentenza corresponde á Xunta de Goberno Local en canto órgano de contratación (D.A. 2ª. 3 da LCSP-RDL 3/2011).

En mérito de canto antecede, en uso das atribucións que legalmente me corresponden e previo informe da Intervención Xeral, veño en propoñer ao Concelleiro delegado de Mobilidade e Seguridade que eleve á Xunta de Goberno Local a seguinte proposta de

ACORDO

1º.- En execución do Auto de 25 de maio de 2017 do Xulgado do Contencioso Nº. 1 dos de Vigo ditado na peza de execución definitiva 57/16 que trae causa da Sentenza 218/14 recaída no P.O. 123/13 sobre pretensión de declaración de lesividade en revisión de

prezos, o **PREZO DO CONTRATO** do servizo público de inmovilización, retirada, depósito e custodia de vehículos na cidade de Vigo (Expediente 70443-210) prestado pola mercantil SETEX APARKI, S.A. queda definitivamente establecido en relación coas anualidades cuestionadas no procedemento xudicial de constante referencia nos seguintes importes:

Anualidade abril 11-marzo 12: 2.532.049,92 €

Anualidade abril 12-marzo 13: 2.590.505,79 €

En consecuencia e en función da facturación real das respectivas anualidades revisadas en virtude da Sentenza procede recoñecer a favor da precitada mercantil o dereito a perceber en concepto de **ATRASOS PENDENTES DE FACTURACIÓN** a cantidade líquida segundo anualidades de:

Anualidade abril 11-marzo 12: 209.744,40 €

Anualidade abril 12-marzo 13: 289.872,71 €

2º.- En cumprimento asimesmo de canto se deduce indirectamente para os sucesivos exercicios económico-contractuais respecto dos que foron obxecto directo do disposto no citado Auto de 25 de maio de 2017, o **PREZO ANUAL DO CONTRATO** queda establecido a partir do exercicio contractual que comenza o 01 abril do 2013 e sucesivos nas cantidades que tamén se determinan a continuación:

Abril 13-Marzo 14: 2.590.634,14 €

Abril 14-Marzo 15: 2.587.085,67 €

Abril 15-Marzo 16: 2.569.085,62 €

Abril 16-Marzo 17: 2.546.688,22 €

Abril 17-Marzo 18: 2.617.996,09 €

En consecuencia e en función da facturación real das respectivas anualidades revisadas en virtude da Sentenza, recoñécese a favor da mercantil SETEX APARKI S.A. o dereito a percibir en concepto de **ATRASOS PENDENTES DE FACTURACIÓN** segundo exercicio contractual os seguintes importes líquidos:

Abril 13-Marzo 14: 528.397,80 €.

Abril 14-Marzo 15: 535.739,40 €.

Abril 15-Marzo 16: 506.849,28 €.

Abril 16-Marzo 17: 484.451,98 €.

Abril 17-Marzo 18: 277.879,92 € (46.313,32/mes, desde abril ata setembro).

3º.- No expediente consta a firmeza da Sentenza con data de 17 de novembro de 2014.

Consta asimesmo a súa notificación de data 22 de outubro do 2014.

Así as cousas, o importe devengado polo **INTERÉS LEGAL DO DIÑEIRO** a favor da mercantil SETEX APARKI S.A. é o seguinte:

Abril 11-Marzo 12	Data inicial	Data final	Días	% Interés	Importe
	22/10/2014	31/12/2014	71	4	1.631,98 €
	01/01/2015	31/12/2015	365	3,5	7.341,05 €
	01/01/2016	31/12/2016	366	3	6.292,33 €
	01/01/2017	31/05/2017	151	3	2.603,13 €

	Subtotal				17.868,49 €
Abril 12-Marzo 13	Data inicial	Data final	Días	% Inte-rés	Importe
	22/10/2014	31/12/2014	71	4	2.255,45 €
	01/01/2015	31/12/2015	365	3,5	10.145,54 €
	01/01/2016	31/12/2016	366	3	8.696,18 €
	01/01/2017	31/05/2017	151	3	3.597,60 €
	Subtotal				24.694,77 €

En consecuencia, recoñécese a favor da mercantil SETEX APARKI S.A. o dereito a percibir en concepto **ATRASOS PENDENTES DE FACTURACIÓN** polo interés legal do diñeiro das revisións de prezos derivadas da execución da Sentenza, un importe líquido de 42.536,26 €.

4º.- A concellería de Mobilidade e Seguridade tramitará no prazo máximo de quince días expediente de liquidación do interés legal devengado para as anualidades contractuais 13-14 e seguintes, conforme ao criterio expresado no informe da Intervención Xeral de 23 de outubro.

5º.- A partir do mes de outubro de 2017 SETEX APARKI S.A. deberá facturar un importe mensual de 218.166,34 €.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

9(2046).- PROPOSTA DE APROBACIÓN DO PROXECTO “HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE, ENTRE URZÁIZ E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ”. EXPTE. 3475/443.

Examinadas as actuacións do expediente, visto o informe de fiscalización do 20/10/17, dáse conta do informe-proposta do 19/10/17, asinado polo xefe do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario, o xefe do Servizo Xurídico de Servizos Xerais, e o concelleiro delegado da Área de Fomento, que di o seguinte:

ANTECEDENTES DE FEITO

1. A Xunta de Goberno, en sesión de data 17.07.2017 acordou aprobar a modificación orzamentaria nº 41/2007, crédito exextraordinario, para a aplicación do superávit, liquidación do orzamento do ano 2016 para a súa remisión ao Pleno Municipal. Na mesma se contempla a aplicación orzamentaria 1532.619.00.635 “Humanización Vía Norte” con un importe de 2.301.549,34 euros

2. Para levar a cabo esta actuación o Concelleiro Delegado de Fomento, por resolución de 8 de agosto de 2016, autorizou o contrato menor de servizos e o gasto por importe de 16.805,69 € para redacción do proxecto de obras necesario para a súa execución, a prol de Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L.

3. O proxecto presentado en execución do contrato, redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D.Franciasco Javier Zubia Fernández, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS (2.301.549,34 €) e data outubro de 2017.

4. O Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos, con data 11/10/2017, informou que o proxecto de obras presentado cumpre cos obxectivos do contrato e o Concelleiro Delegado de Fomento, con data 17/10/2017, resolveu iniciar expediente para a aprobación do proxecto.

5. A actuación se desenrola no tramo da rúa Vía Norte, dende o seu inicio coa rúa Urzáiz ata o entronque coa rúa Parroco Xosé Otero, tamén se adecúa o marxe impar da rúa Parroco Xosé Otero ata rúa Pino e consisten as obra a executar as que se enumeran a seguir.

➤ Previa a construción, procederase a demolición de beirarrúas, aparcadoiros e calzada existentes, coa escavación de caixa, e compactación do solo resultante.

➤ Plantéxase unha nova instalación de redes de abastecemento, substituíndo a existente, novas redes de augas residuais e pluviais, así coma obras de reforzo no ovoide existente, e no último tramo do colector que transcorre baixo a rúa Escultor Gregorio.

➤ Renovación de iluminación exterior, con nova rede de distribución soterrada, novas luminarias e báculos e reposición de bombillas nas luminarias tipo fernandina existentes, con previsión de instalación soterrada para iluminación de eventos.

➤ Renovación de rede de semaforización. Conservación da rede gas existentes, novo dimensionado de xardineiras proxectando unha renovación da plantación con rede de rego.

➤ Reposición dos servizos existente, e nova sinalética e marcación con pintura en solo dos servizos que se plantexan.

O prazo estimado para a execución das obras descritas é de DEZ meses

6. O Xefe da Oficina de Supervisión de proxectos, con data 18 de outubro de 2017 informa que no proxecto se tiveron en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario e a normativa técnica de aplicación ao proxecto; que os prezos dos materiais e unidades de obra son os adecuados para a execución do contrato de obras; e que o proxecto reúne todos os requisitos esixidos polo Real Decreto legislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público e polo Regulamento Xeral da Lei de Contratos de las Administraciones Públicas.

CONSIDERACIÓNS DE DEREITO

I.- A previsión orzamentaria de contratación da execución das obras obxecto do presente expediente require, como actuación preparatoria, de acordo co artigo 121 TRLCSP, a elaboración, supervisión, aprobación e replanteo do correspondente proxecto de obras.

II.- Os contidos mínimos e esixencias que debe reunir o proxecto de obras e o ámbito da verificación do proxecto de obras, a realizar polas oficinas de supervisión de proxectos

especificanse, nos artigos 123 e 125 TRLCSP e 125 a 137 do regulamento de desenvolvemento, aprobado por Real Decreto 1098/2001, de 12 de outubro.

III.- O proxecto de obras, segundo resulta dos informes técnicos que obran no expediente, cumpre cos obxectivos da actuación proposta, refírese a unha obra completa e nel tivéronse en conta as disposicións xerais de carácter legal e regulamentario, así como a normativa técnica, de aplicación ao proxecto, tal e como resulta da táboa que figura no informe da Oficina de Supervisión de Proxectos Municipal, na que pormenorizadamente e con indicación da súa concreta ubicación no documento, se especifican os requisitos legais, regulamentarios e técnicos que reune o proxecto.

IV.- A aprobación do proxecto corresponde ao órgano de contratación (artigo 121 TRLCSP), que, de acordo coa disposición adicional 2ª. 3 TRLCSP, é a Xunta de Goberno Local, previo informe de fiscalización da Intervención Xeral Municipal (artigo 214 TRLRFL).

V.- Aprobado que sexa o proxecto e previamente á tramitación do expediente de contratación da execución da obra, procederase a efectuar o replanteo do mesmo (artigo 126 TRLCSP).

Polo exposto, propónse a Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte

ACORDO

Aprobar o proxecto básico e de execución de HUMANIZACIÓN DA RÚA VÍA NORTE, ENTRE URZÁIZ E ESCULTOR GREGORIO FERNÁNDEZ, Enxeñeiro de Camiños, Canais e Portos D.Franciasco Javier Zubia Fernández, ten un orzamento base de licitación, máis IVE, de DOUS MILLÓNS (2.301.549,34 €) e data outubro de 2017.

Acordo

A Xunta de Goberno local aproba a proposta contida no precedente informe.

E sen ter máis asuntos que tratar, o Sr. presidente rematou a sesión ás dez horas e trinta minutos. Como secretaria dou fé.

me.

A CONCELLEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL,
Olga Alonso Suárez.

O ALCALDE
Abel Caballero Álvarez